

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE CONVOCAN BOLSAS DE MOBILIDADE DESTINADAS AO ESTUDANTADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO PARTICIPANTE NO PROGRAMA DE MOBILIDADE SICUE NO CURSO 2023/2024

O estudantado da Universidade de Vigo, de conformidade co establecido no artigo 64.h dos Estatutos da Universidade de Vigo, ten dereito a beneficiarse das distintas axudas e bolsas que a Universidade e outras institucións establezan ao seu favor, coa finalidade de que ninguén quede excluído do estudo por razóns económicas.

No ámbito da súa competencia, a Universidade de Vigo desenvolve anualmente programas complementarios de axudas ao estudantado para cubrir necesidades non atendidas ou insuficientemente atendidas polas administracións públicas, encamiñadas a favorecer a igualdade de oportunidades e a excelencia no rendemento académico.

O programa de mobilidade do Sistema de intercambio entre centros universitarios (SICUE) permite ao estudantado das universidades españolas realizar unha parte dos seus estudos noutra universidade española con garantías de recoñecemento académico.

Unha vez vista a *Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia*, as disposicións aplicables da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións* e as súas normativas de desenvolvemento.

En virtude das facultades que lle outorgan a *Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, modificada pola Lei 4/2007, do 12 de abril, de Universidades* e o artigo 72 do *Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro*, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade,

ESTA REITORÍA RESOLVE

1. Convocar en réxime de concorrencia competitiva, bolsas de mobilidade destinadas ao estudantado da Universidade de Vigo participante no programa de mobilidade do Sistema de intercambio entre centros universitarios (SICUE) no curso 2023/2024, que serán xestionadas de acordo coas bases reguladoras que figuran no Anexo I.
2. Publicar esta convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/> e no [portal de bolsas](#) da Universidade.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR 22/06/2022 (DOG 06/07/2022)

A vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade



ANEXO I

BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE BOLSAS DE MOBILIDADE DESTINADAS AO ESTUDANTADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO PARTICIPANTE NO PROGRAMA DE MOBILIDADE SICUE NO CURSO 2023/2024**1. OBXECTO**

O obxecto das bolsas é atender o custo económico que supón a participación no programa de mobilidade do Sistema de intercambio entre centros universitarios (SICUE) coa finalidade de que ninguén quede excluído da mobilidade por razóns económicas.

2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLITANTES

Pode solicitar bolsa o estudantado que cumpra os seguintes requisitos:

2.1. Requisitos xerais

- a) Estar matriculado na Universidade de Vigo no curso 2022/2023 en titulacións oficiais de Grao, en centros propios ou en centros adscritos de titularidade pública que imparten titulacións non impartidas en centros propios (Enfermaría Ourense, Enfermaría Pontevedra e Enfermaría Meixoeiro).
- b) Ter solicitada praza na convocatoria de mobilidade SICUE para o curso académico 2023/2024.

Poderá obterse a condición de beneficiario destas bolsas aínda que non se cumpran os requisitos establecidos no artigo 13.2 da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións*, conforme o disposto no artigo 4.5 do *Real Decreto 1721/2007, do 21 de decembro, polo que se establece o réxime das bolsas e axudas ao estudo personalizadas*.

2.2. Requisitos económicos:

- a) A suma de **rendas** de todos os membros da unidade familiar non pode superar os seguintes limiares:

- Familias de 1 membro: 13.236,00 euros.
- Familias de 2 membros: 22.594,00 euros.
- Familias de 3 membros: 30.668,00 euros.
- Familias de 4 membros: 36.421,00 euros.
- Familias de 5 membros: 40.708,00 euros.
- Familias de 6 membros: 43.945,00 euros.
- Familias de 7 membros: 47.146,00 euros.
- Familias de 8 membros: 50.333,00 euros.

A partir do oitavo membro engadiranse 3.181,00 € por cada novo membro computable.

- b) O **patrimonio** familiar non pode superar os seguintes limiares:

- A suma de rendementos netos reducidos de capital mobiliario máis o saldo neto positivo de ganancias e perdas patrimoniais non poderá superar 1.700,00 €.
- A suma de valores catastrais das fincas urbanas pertencentes á unidade familiar, excluída a vivenda habitual, non poderá superar 42.900,00 €. Os valores catastrais pondéranse polos coeficientes establecidos na normativa de bolsas MEFP de carácter xeral para estudantes universitarios para o curso 2022/2023.

Para o cálculo da renda familiar serán membros computables o pai e a nai (ou titores legais), a persoa solicitante, e os/as irmáns/ás solteiros/as menores de 25 anos.



Tamén serán considerados membros, os/as irmáns/ás de maior idade cando se trate de persoas con discapacidade e os/as avós/avoas, que xustifiquen a súa residencia no mesmo domicilio co certificado municipal conxunto correspondente a 31 de decembro de 2021; **no caso de non acreditar a convivencia non serán tidos en conta.**

No caso de separación legal ou divorcio dos proxenitores cando a custodia é compartida, consideraranse membros computables: o pai e a nai do/a estudante que solicita a bolsa, e os/as fillos/as comúns. Cando a custodia non sexa compartida non se considera membro da familia aquel que non conviva có/coa solicitante, pero si o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación. Tamén se incluírán os/as fillos/as de ambos que convivan nese domicilio, tanto comúns a ambos cónxuxes como non comúns, se son solteiros/as menores de 25 anos ou os de maior idade cando se trate de persoas con discapacidade.

No caso de solicitantes que constitúan unidades familiares independentes, tamén se consideran membros computables o cónxuxe ou persoa á que se atope unido por análoga relación, así como os/as fillos/as, se os houbera.

No caso de solicitantes que alegan independencia familiar e económica, deberá acreditar que conta con medios económicos propios suficientes así como a titularidade ou aluguer da vivenda a 31 de decembro de 2021.

Será de aplicación, a efectos da composición da unidade familiar e o cálculo de renda e patrimonio, o disposto na normativa de bolsas MEFP de carácter xeral para estudantes universitarios para o curso 2022/2023.

3. INCOMPATIBILIDADES

A bolsa é complementaria e compatible coa bolsa de carácter xeral do Ministerio de Educación e Formación Profesional e coas Axudas de estudo propias da UVIGO. As bolsas son incompatibles con calquera outra axuda da mesma natureza e para a mesma finalidade.

O importe das bolsas en ningún caso poderá ser de tal contía que de xeito illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o coste da actividade subvencionada segundo establece o artigo 19.3 da *Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións*.

4. DOTACIÓN, CONTÍA E PAGAMENTO

1. O importe máximo do crédito retido para esta convocatoria é de 30.000 € con cargo á aplicación orzamentaria (achéganse os correspondentes certificados de existencia de crédito):

- 2023 0000 121D 482.10: 24.000 €
- 2024 0000 121D 482.10: 6.000 €

2. A contía individual máxima da bolsa é

- Mobilidade de 9 meses: 1.500 euros
- Mobilidade de 1 cuadrimestre: 750 euros

No caso de que non exista crédito suficiente para outorgar a contía establecida á última persoa seleccionada, esta recibirá o importe restante ata o esgotamento do crédito, sen prexuízo de que no caso de que se produza algunha renuncia se lle complete ata a contía prevista.

3. O pagamento da bolsa efectuarase

- O 80 % no mes de setembro unha vez asinado o acordo académico,
- O 20% ao finalizar a mobilidade,

mediante transferencia á conta bancaria indicada polo/a alumno/a na súa solicitude e da que deberá ser titular.



5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

1. A solicitude realizarase a través do **formulario en liña** dispoñible na web da universidade: <http://seix.uvigo.es/> na páxina de inicio prema en "SVE – Secretaría Virtual Estudiantes" e no menú da esquerda seleccione "bolsas mobilidade SICUE".

2. O prazo de presentación das solicitudes comeza o día seguinte a publicarse esta convocatoria e finaliza o **6 de marzo de 2023 ás 23:59 horas** (hora peninsular española).

3. Xunto coa solicitude achegarse na plataforma a seguinte documentación:

- O anexo II deberá ser asinado por cada un dos membros da unidade familiar autorizando á universidade a consultar directamente os datos de renda e patrimonio, **e presentado en formato pdf xunto coa solicitude**.
- Documentación acreditativa das distintas situacións que afecten á composición da unidade familiar:
 1. Se hai ascendentes dos pais e irmáns maiores de 25 anos con discapacidade deberá xustificar a residencia **no mesmo domicilio co certificado municipal conxunto correspondente a 31 de decembro de 2021**.
 2. Sentenza de divorcio ou convenio regulador, de ser o caso.
 3. **Independencia económica e familiar**: deberá presentar a documentación xustificativa de ter domicilio en propiedade ou en aluguer, e de dispoñer dos medios económicos suficientes para facer fronte aos seus gastos, contrato de aluguer e xustificación de ingresos, así como certificado municipal conxunto correspondente a 31 de decembro de 2021.
- Documentación acreditativa das situacións que dan dereito a dedución no cálculo da renda:
 1. Título familia numerosa.
 2. Acreditación de orfandade absoluta.
 3. Certificado de discapacidade (do/a solicitante, irmáns e fillos/as do solicitante).
 4. Irmáns estudantes universitarios residentes fora do domicilio familiar durante o curso anterior 2021/2022 (expediente académico e contrato de aluguer).
- Documentación acreditativa dos ingresos percibidos no estranxeiro polos membros da unidade familiar do ano 2021.

Tamén se lle poderá requirir que acheguen outra documentación que a xuízo da comisión de selección resulte necesaria para a correcta avaliación dos requisitos. O feito de non achegar a documentación requirida será causa de exclusión.

6. COMPROBACIÓN DE DATOS

En cumprimento do disposto no artigo 28 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*, para a tramitación deste procedemento consultarase de xeito electrónico os datos necesarios para a verificación do cumprimento dos requisitos de renda e patrimonio, para o que todos os membros da unidade familiar deberán dar o seu consentimento (anexo II) en aplicación do disposto no *Reglamento (UE) 2016/679 e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais*.

No caso de non consentir, ou que as administracións non dispoñan de datos ou existan dificultades técnicas que impidan a súa cesión, a persoa solicitante deberá enviar a bolsas@uvigo.es no prazo de solicitudes, os documentos que acheguen información sobre a renda e patrimonio da unidade familiar.

7. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

A Sección de Axudas e Bolsas logo de rematar o prazo de presentación de solicitudes e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicará a **listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas**, coa mención da causa de exclusión.



As persoas interesadas disporán de **dez días hábiles** contados a partir do día seguinte á publicación para emendar os erros, as causas de exclusión e a falta de documentación. Para tal fin, presentarán o **formulario de alegacións** na secretaría virtual dirixido á Sección de Axudas e Bolsas. De non presentar emenda entenderase que desiste da súa solicitude previa resolución ditada conforme á *Lei 39/2015 de 1 de outubro*.

Unha vez revisadas as alegacións, a selección será efectuada entre as persoas que teñen praza SICUE adxudicada e aceptada no 1º reparto, por unha comisión de selección ata o esgotamento do crédito orzamentario de acordo coa seguinte puntuación:

Número de membros da unidade familiar	Renda inferior ao limiar 2	Renda inferior a:	Renda inferior a:	Renda inferior a:	Renda inferior a:	Renda inferior ao limiar 1
1	13.236 €	11.343 €	9.450 €	8.422 €	5.664 €	3.771 €
2	22.594 €	19.530 €	16.467 €	12.632 €	10.341 €	7.278 €
3	30.668 €	26.655 €	22.643 €	16.843 €	14.618 €	10.606 €
4	36.421 €	31.918 €	27.416 €	21.054 €	18.411 €	13.909 €
5	40.708 €	36.007 €	31.307 €	24.423 €	21.906 €	17.206 €
6	43.945 €	39.242 €	34.539 €	27.791 €	25.133 €	20.430 €
7	47.146 €	42.432 €	37.719 €	31.160 €	28.293 €	23.580 €
8	50.333 €	45.598 €	40.863 €	34.529 €	31.394 €	26.660 €
Puntos	1	2	3	4	5	6

A partir do oitavo membro engadíranse 3.181 € por cada novo membro computable.

En caso de empate na puntuación terá prioridade o estudantado coa nota media mais alta das materias cursadas na titulación.

A comisión de avaliación está composta por:

Presidenta: Natalia Caparrini Marín, vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade

Secretaria: María Guadalupe Fernández Romero, xefa da Sección de Axudas e Bolsas

Vogais:

- Jesús Couto Darriba, xefe de Área da Oficina de Relacións Internacionais
- Rosa Graña Costas, xefa do Servizo de Bolsas, Axudas ao Estudo e Prezos Públicos

Se, por calquera causa, no momento en que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algún/alguna dos/das compoñentes non pode asistir, substituirase pola persoa que para o efecto se nomee. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa da mesma unidade, órgano, entidade ou colectivo.

Unha vez que a comisión efectúe a selección, a Sección de Axudas e Bolsas publicará a **listaxe provisoria de bolsas concedidas e denegadas**, con mención da causa de denegación e a **listaxe de agarda** para o caso de existiren renuncias.



As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **dez días hábiles**, contados a partir do día seguinte á publicación, presentando o **formulario de alegacións** na secretaría virtual dirixido á Sección de Axudas e Bolsas.

Unha vez que a comisión revise as alegacións, enviaralle a proposta á vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade quen adxudicará as bolsas mediante a correspondente resolución.

As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes de non se ditar resolución expresa no prazo de 6 meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.

A resolución conterá a listaxe definitiva de persoas con bolsa concedida e a súa contía, con bolsa denegada e a causa de denegación, e a listaxe de agarda para o caso de existiren renuncias.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As listaxes ás que se refire este punto así como a resolución de adxudicación publicaranse no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/> e no **portal de bolsas** da web da universidade, cos efectos da notificación previstos no artigo 45 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As comunicacións individuais que resulten necesarias serán realizadas ao correo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

8. RENUNCIA

A renuncia voluntaria deberá realizarse mediante escrito presentado na sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal/>) dirixido á Sección de Axudas e Bolsas, xunto co xustificante de reintegro da contía que corresponda de terse efectuado o pagamento. As renuncias aceptadas darán lugar á perda dos dereitos económicos e a concesión da bolsa á seguinte persoa da lista de agarda previa resolución.

9. OBRIGAS

A persoa beneficiaria deberá estar matriculada na titulación oficial de grao na Universidade de Vigo durante todo o curso académico 2023/2024 e permanecer no destino adxudicado para poder manter a súa condición de bolseira.

Ademais debe de cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da *Lei 38/2013, de 17 de novembro, Xeral de subvencións*, que lles sexan de aplicación.

10. REINTEGRO DAS BOLSAS E PERDA DO DEREITO DE COBRO TOTAL OU PARCIAL

Son causas de reintegro e perda do dereito de cobro destas bolsas:

- Non cumprir os requisitos e obrigas recollidas na convocatoria.
- A ocultación ou alteración de datos, ou manipular a información solicitada.
- Incurrir nalgunha das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria.

A persoa beneficiaria que incorra nalgunha destas causas, está obrigada a reintegrarlle á Universidade a cantidade indebidamente percibida.



11. TRANSPARENCIA

1. De conformidade co artigo 17 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, e co artigo 15 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puideren impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Universidade de Vigo, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano que concede xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.

12. PROTECCIÓN DE DATOS

Información sobre a política de protección de datos en

[https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto %20proteccion datos para CONVOCATORIAS bolsas.pdf](https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto%20proteccion%20datos%20para%20CONVOCATORIAS%20bolsas.pdf)



ANEXO II

COMPROBACIÓN DE DATOS

Autorizo a Universidade a consultar os datos de renda e patrimonio a través das administracións tributarias e a Dirección Xeral do Catastro (debe ser asinado por cada un dos membros da unidade familiar).

Membros da unidade familiar:

NIF	NOME E APELIDOS	SINATURA

No caso de non autorizar a consulta deberá presentar a documentación a través da secretaría virtual no prazo de presentación de solicitudes.

